

DEPORTE ESCOLAR EN GULÁNS

Carreira campo a través entre colexios da contorna do Condado Paradanta

5/12/19



É habitual nos colexios realizar distintas actividades complementarias e extraescolares , como por exemplo saídas, celebración do magosto, de Nadal, Letras Galegas..Tamén xornadas de deporte escolar onde alumnos de varios colexios da contorna se xuntan para realizar distintas actividades deportivas como campo a través,xogos populares, bádminton, fútbol, baloncesto...

O pasado mércores 4 de decembro, celebrouse unha xornada de campo a través en Guláns, no concello de Ponteareas. Participaron varios colexios de Salvaterra, Mondariz, Cañiza, Ponteareas e Covelo. Dito encontro en principio estaba previsto para o 15 de novembro, pero dado o mal tempo e constante chuvia tivo que ser aprazado varias veces.

O alumnado de 5º e 6º de primaria reuniuse para participar en 4 carreiras distintas: 5º feminino , 5º masculino, 6º feminino e 6º masculino. Varios autobuses recolleron aos nenos e nenas no seu centro á primeira hora da mañá e trasladáronos ata o parque da Avisoureira , onde se celebra cada curso esta xuntanza.

Tras deixar as mochilas e as chaquetas no lugar asignado a cada cole, os participantes puxeron un dorsal identificativo e quentaron antes de empezar. Aínda que a mañá estaba moi fría e había néboa, as carreiras non se cancelaron e os nenos e nenas correron con gañas tratando de completar as dúas voltas ao circuíto.

Rematadas as 4 carreiras os participantes degustaron unha taciña de chocolate quente con rosquillas e tiveron uns minutos de lecer antes da entrega de medallas e o retorno aos colexios, arredor das 13:15 horas.



Un dos coles participantes foi o CEIP de Leirado, un pequeno centro situado no concello de Salvaterra de Miño ,cun total de 26 participantes. Podían distinguirse pola súa camiseta verde fosforito, co nome do cole serigrafiado por atrás.

Achegámonos a eles e as mestras que os acompañaban para que nos contaran como estaban a vivir a experiencia. Atopámoslos moi ledos porque levaban para o centro 5 medallas: unha 1ª posición, unha 3ª, unha 6ª e dúas 9ª.



Comentáronnos que pese ao frío pasárono ben, tiveron ocasión de reencontrarse con coñecidos doutros coles, o chocolate estaba moi rico e ademais disfrutaron a carreira aínda que remataron cansados. E tamén, por suposto, o ben que senta unha mañá fóra do cole facendo algo non académico.

Carlos de 6º de primaria, gañador dunha das medallas comentounos: “ *Gustoume moito a deportividade dalgúns dos participates, e que a asociación deportiva do Condado Paradanta prepare todos os anos unha carreira en Guláns. Como por exemplo a deste ano, na que os nenos de 6º deron dúas voltas ao circuíto, máis ou menos 1.100 metros.*” Él considera que un dos mellores detalles por parte da organización foi a chocolatada e a boa disposición dos monitores.

Raúl, tamén de 6º , comentou que lle gustou moito a experiencia de correr cos seus compañeiros de clase e outros coles .Puntualiza que o que non lle pareceu xusto foi que algúns dos corredores molestaban aos outros participantes, dando codazos e patadas. Opina que en futuras edicións debería haber máis vixilancia por parte dos organizadores.

Lucía, participante na carreira feminina de 6º díxonos: “ *Gustoume moito os ánimos que daban os compañeiros dos participantes que estaban aos lados vendo a competición e tamén que no medio da carreira había dúas nenas paradas chorando e outros participantes pararon a axudalas , sen importarlles perder postos*”.

Por último, Félix comentounos que lle encantou porque había moitos compañeiros que axudaban e animaban e que atopou a moita xente coñecida.



Estaremos atentos a futuros encontros en xornadas de deporte escolar, para dar conta das actividades deportivas dos nenos e nenas do Condado Paradanta.